



Información e recomendacións de actuación fronte ao coronavirus (covid-19) para os centros da Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo pretende abordar dun modo global a prevención e a resposta fronte ás situacións especiais na saúde, co obxecto de garantir as súas adecuadas condicións e asegurar, na medida do posible, o funcionamento das actividades académicas.

A universidade, como institución académica, non ten nin capacidade nin competencias para fixar criterios de actuación específicos, polo que a súa principal misión será proporcionar datos actualizados daquelas institucións que si as teñen.

Para facilitar o acceso a toda a información sobre o coronavirus (COVID-19), a Universidade de Vigo creou un espazo na web institucional onde se inclúen as recomendacións xerais de actuación así como as ligazóns ás webs das institucións que teñen competencias en materia sanitaria.

Os membros da comunidade universitaria poderán acceder á información dos ministerios de Educación e de Sanidade, da Consellería de Sanidade, así como á información dos organismos internacionais de relevancia contrastada como a Organización Mundial da Saúde, os centros de control e prevención de enfermidades etc.

Guía de información e recomendacións preventivas fronte ao coronavirus (covid-19)

As recomendacións incluídas nesta guía teñen a finalidade de reforzar as medidas hixiénicas que habitualmente se toman na universidade e dar a coñecer os medios de prevención e as actuacións que se deben poñer en marcha fronte á novo coronavirus e que tamén son de utilidade fronte a outras enfermidades infecciosas. O seu obxectivo é reducir a transmisión do virus entre as persoas integrantes da comunidade universitaria.

Estas directrices e recomendacións son de carácter xeral e iranse actualizando ante os posibles cambios na presentación da enfermidade.

Que é o coronavirus (COVID-19)?

Os coronavirus son unha ampla familia de virus que normalmente afectan só a animais. Algúns teñen a capacidade de transmitirse dos animais ás persoas. O novo coronavirus SARS- CoV-2 é un novo tipo de coronavirus que pode afectar as persoas e que se detectou por primeira vez en decembro de 2019 na cidade de Wuhan, provincia de Hubei, en China. Aínda hai moitas cuestións que se descoñecen en relación á enfermidade que produce (COVID-19) fronte á que, precisamente por ser novo, non estamos inmunizados e en consecuencia moitas máis persoas están en risco de contraelo.

Como se transmite o novo coronavirus?

O virus propágase principalmente de persoa a persoa por medio das microgotas de saliva e das secrecións nasais dunha persoa infectada que, a través do aire, se depositan na boca ou no nariz das persoas próximas. A súa capacidade de contaxio depende da cantidade do virus nas vías respiratorias. Estas secrecións infectarían a outra persoa se entran en contacto co seu nariz, os seus ollos ou a súa boca. Parece pouco probable a transmisión polo aire a distancias maiores dun ou dous metros. Co coñecemento actual, as persoas que non presentan síntomas non transmiten a enfermidade.

Cales son os síntomas do covid-19?

Os síntomas máis comúns inclúen febre, tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode haber síntomas dixestivos como diarrea e dor abdominal. A maioría dos casos presentan síntomas leves. En casos máis graves, a infección pode causar pneumonía, dificultade importante para respirar, fallo renal e mesmo a morte. Os casos máis graves xeralmente ocorren en persoas de idade avanzada ou que padecen algunha enfermidade crónica, como enfermidades do corazón, do pulmón ou problemas de inmunidade.

Existe un tratamento para o covid-19?

Non existe un tratamento específico, pero están a empregarse algúns antivirais que demostraron certa eficacia en estudos recentes. Si existen moitos tratamentos para o control dos seus síntomas polo que a asistencia sanitaria mellora o prognóstico. Ao ser unha infección producida por virus, os antibióticos non deben ser usados como un medio de prevención ou tratamento.



Protocolo de actuación para os centros da Universidade de Vigo

1. COVID-19 é unha enfermidade que se lles debe declarar obrigatoriamente ás autoridades sanitarias.
2. Continúa coa actividade académica con normalidade.
3. **Extrema** a limpeza e sobre todo desinfecta e limpa constantemente as zonas como os baños e as superficies e os pomos das portas.
4. **Ventila** todas as aulas cando non estea o estudiantado e comproba en todo momento que hai xel e papel para secar as mans nos baños.
5. Consulta frecuentemente na **web** da Universidade de Vigo toda a información actualizada sobre a enfermidade e dálle a máxima difusión.
6. Coloca os carteis informativos sobre o lavado de mans en todos os baños e o resto da cartellaría en espazos comúns (entrada do centro, cafetería, conserxaría etc.).
7. Se alguén do teu centro presenta síntomas como febre, tose e dificultade respiratoria, chama ao **061** ou ao **900 400 116** e segue as instrucións das autoridades sanitarias. A continuación, notifícallo á Universidade de Vigo a través dun correo electrónico a **spri@uvigo.gal**

Medidas de hixiene dos centros

Limpeza e desinfección

1. Ventilar diariamente as aulas, despachos, salas de reunións, aseos e demais dependencias dos centros, bibliotecas e instalacións deportivas. Abriranse as fiestras, polo menos, antes de empezar e despois de rematar as clases.
2. Deberá realizarse unha limpeza dos espazos o máis meticulosa posible e de forma máis polo miúdo nos baños. A limpeza recomendase facela en húmido, sempre que sexa posible non se deberá varrer senón aspirar. Recoméndase pedir a colaboración dos empregados e empregadas da limpeza para que extremen o seu cometido. (Tamén se lle remitirán recomendacións ás empresas de limpeza e de seguridade).
3. As superficies limpanse, con máis frecuencia, poñendo especial atención naquelas de contacto frecuente (interruptores, tiradores das portas, teléfonos, teclados, ratos de ordenador, mobiliario docente). Deberase quitar o po depositado nas mesas ou obxectos con auga e xabón e non con trapos secos.
4. Os centros deberán asegurarse de ter reservas de material para a limpeza das instalacións:
 - Xabón ou deterxente normal
 - Luvas de limpeza
 - Lixivia
 - Produtos habituais de limpeza

Material de hixiene persoal

Os centros aseguraranse de ter dispoñibilidade do seguinte material de hixiene persoal nos aseos:

- Xabón para lavar as mans de dispensación individual
- Toallas desbotables
- Panos desbotables
- Papel hixiénico
- Cubos con tapa e con apertura con pedal
- Bolsas do lixo de plástico

Recollida do lixo

O persoal que realice a recollida do lixo deberá utilizar luvas e pechar as bolsas de plástico para depositalas no colector correspondente.

Información

Nos aseos colocaranse carteis que indiquen o xeito correcto de facer o lavado de mans (carteis elaborados pola Consellería de Sanidade).

Teléfonos, enderezos e enlaces de interese

Información ou comunicación interna:

Servizo de vixilancia da saúde teléfono 986 813451

Emerxencias sanitarias:

061

Teléfono de atención sanitaria:

(para dúbidas e consultas non urxentes): 902 400 116

Servizo galego de saúde:

<https://www.sergas.gal/Saude-publica/Novo-coronavirus-2019-nCoV>

Ministerio de sanidade:

<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/home.htm>

Organización Mundial da Saúde:

<https://www.who.int/health-topics/coronavirus>

Centro Europeo para a prevención e o control das enfermidades (ECDC):

<https://www.ecdc.europa.eu/en/novel-coronavirus-china>